



## ÁNGEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Director do Instituto entre 1969 e 1973

Discurso pronunciado no encontro de antigos alumnos da Promoción de 1969 (11-11-2017)

Señor director do Instituto *Lucus Augusti*, membros da mesa, compañeiras e compañeiros no exercicio da docencia polos anos que hoxe lembramos, alumnos do *Instituto masculino* que hoxe vos xuntades e nos xuntades, amigos:

Agradezo moito a Claudio e aos demais organizadores deste acto que, á hora de facer lembranza e revivir memorias, se lembrasen tamén de min que, por aqueles anos finais dos sesenta, era director deste Instituto onde hoxe, despois de cerca de cincuenta anos, nos volvemos xuntar. Dígase o que se diga, é sen dubida un san exercicio este de facer memoria e traer a primeiro plano unha significativa parte do noso pasado.

A memoria e, nesa liña, a capacidade de lembranza ou de poder revivir o pasado, é unha das peculiaridades que mellor definen ao ser humano: un ser imposibilitado de darse, de posuírse e de vivirse a sí mesmo, todo por xunto, dunha vez, e, por iso mesmo, condenado a ter que ir dándose, pouco a pouco, espaxado ao longo do tempo. Se, a pesar diso, o noso ser, na medida en que se vai dando e vai pasando, non se vai, coa mesma, perdendo de todo na nada, é porque pasa a ocupar lugar e permanecer no portentoso arquivo de nosa memoria. Por iso é entón que a memoria e a capacidade de lembrar e traer a primeiro plano esa parte de nós mesmos que se configura como pasado é algo que realmente nos constitúe.

Se temos en conta ademais que o futuro será ou non será, pero que, en todo caso, aínda non é, e, polo seu lado, o presente estásenos indo, segundo a segundo, e non é en verdade máis que a estreitísima liña que separa o futuro do pasado, que quedará entón para constituírnos e darnos alento nesta nosa precaria consistencia se non, na memoria, o pasado?

Álvaro Cunqueiro, a quen, por certo, eu tiven a grandísima fortuna de coñecer aquí, en Lugo, por precisamente aqueles anos, dicía que “olvidar, desasirse de la propia memoria, sería tal como soltarnos de nosotros mismos”. Escribindo nunha ocasión sobre unha famosa fonte, a fonte de Ayg, que aparece nas sagas vikingas e que, de forma similar ao que se conta do noso río Limia, que os romanos na conquista tomaron polo Leteo (o mitolóxico río do esquecemento) tiña a terrorífica virtude de borrarlle por completo a memoria aos que bebían dela. E entón, di Cunqueiro: “quedaba el tal vagante, exiliado total, olvidado de su lengua, su patria, su familia, su vida, sus sueños, vacío, en fin, se perdía en el bosque y pasaba a animal aullador e infinitamente triste, que se tumbaba, menos que un can, a morir en un rincón”. A fonte ou o río do esquecemento serían, di, “no solo la muerte radical e inmisericorde, sino también el río o la fuente de la irremediable inquietud sin sentido”.

Á hora de facer memoria daqueles anos e daquel Instituto, os datos, as vivencias, amoréanse e non é doado poñer orde na exposición. Habería que comezar quizais por consignar que aquel Instituto das nosas vivencias era realmente un macro-Instituto: o número de alumnos, nos sete cursos, nos tres ou catro grupos ou liñas por curso, a razón de corenta ou máis alumnos por grupo, desbordaba amplamente a capacidade física do edificio e estendíase por fóra: empregábanse aulas no Colexio Menor de Xuventudes, na Escola de Comercio e, cando, por aqueles anos, a chamada Escola de Mestría Industrial estreou edificio novo e deixou o que viña ocupando, alí foi o Instituto Masculino encher aquelas aulas, funcionando aquilo coma unha extensión ou anexo, ata que, máis tarde, se converteu en novo Instituto, “mixto”. Por aqueles anos creouse tamén, dependendo do noso Instituto, a Sección delegada de Viveiro, así como o Colexio libre adoptado da Pontenova, ambos os dous para impartir o chamado bacharelato elemental, e co seu profesorado integrado plenamente nos departamentos ou seminarios didácticos do Instituto.

A creación de novos centros ía moi por detrás do que xa era por aquelas datas a forte demanda de postos escolares nos centros públicos. Esta situación explica tamén o feito de que, ademais da ensinanza oficial a que nos vimos referindo, había tamén unha numerosísima matrícula por

libre: alumnos que estudaban en academias non recoñecidas ou arredor de mestres de primaria que, máis alá do seu horario oficial de clase nas súas escolas, preparaban alumnos, sobre todo de bacharelato elemental, que despois se examinaban no Instituto por libre. Algúns destes mestres (Os Muruais, os Rábade, os Currás, etc.) eran coñecidos e moi recoñecidos por aquel seu meritorio labor.

Recordo, en relación co que agora comento, que as clases, os exames e a cualificación dos alumnos oficiais tiñan que estar rematados a finais do mes de maio, porque xuño enteiro tiña que dedicarse as varias quendas dos alumnos libres e mais ás das reválidas (a de cuarto e a de sexto) tanto para oficiais como para libres, tanto para alumnos de centros públicos como para os de centros privados. Todo iso esixía sacar os pupitres das aulas e centralos, en longas filas, no corredor central do Instituto, facilitando dese xeito o labor do tribunal de examinadores.

Todas estas tarefas enchían tamén por completo o mes de setembro de cada ano e os primeiros días de outubro, de forma que as clases non podían comezar ata polo menos despois das festas de San Froilán. Unha das imaxes que máis viva permanece en min daqueles anos é a do xefe de estudos, Cesáreo Fouz, e mais eu, debruzados sobre a grande mesa da sala de xuntas, tentando de que o complicadísimo “sudoku” dos horarios do curso fose encaixando, mentres chegaban a nós con forza, desde a avenida Rodríguez Mourelo, as músicas e o multiforme balbordo das festas, mesmo os do “Domingo das mozas”. Encaixar aqueles horarios, con tantos grupos de alumnos, en diferentes edificios, de forma máis ou menos satisfactoria para alumnos e para profesores, que deberían traballar cando menos dúas horas seguidas no mesmo edificio, era extraordinariamente trabaloso.

Lembro que a dificultade agudizouse notablemente cando, por aquelas datas, da semana de seis días pasouse á de cinco, a “semana Inglesa”, como se dicía. As asignaturas de seis horas semanais pasaron a ser de cinco, co que seguía sen haber problema de encaixe. Pero as de días alternos, que eran as máis, mantivéronse nas tres horas, sen que polo tanto a socorrida alternancia de luns, mércores, venres /martes, xoves, sábado puidese xa aplicarse; o sempre pretendido perfecto encaixe

deixaba, así, de ser posible, coa conseguente desfeita nos horarios persoais e nos dos grupos.

O que si recordo tamén é que apenas había problemas de orde ou disciplina e, desde logo, cando algo apuntaba nese sentido a colaboración das familias era plena. Nunha ocasión fíxome rir un pai que viñera desde a aldea a ver aos seus fillos, internos os dous no colexio menor. Quixo que viñesen con el onda min ao despacho para que puidesen escoitar se eu tiña algunha queixa sobre o seu comportamento. Non era ese o caso. Con todo, xa cando os tres saían do despacho, o pai volveuse cara a min e acenando coa man como ameaza dicía: "E xa sabe: se non se portan como é debido, *madeira, señor, madeira!*"

No capítulo das anécdotas, e xa vou terminando, lembro algo que, desde a perspectiva de hoxe, resulta cando menos chocante. Cando no Instituto tiñamos algún acto extraordinario (apertura de curso, festa de Santo Tomás, ou días así) era costume invitar as autoridades locais, que rara vez asistían. Pero quen viña moito era o bispo, o Dr. Oña de Echave, que prestaba moita atención a todo. Pero cando entendía que o acto ía xa máis ou menos pola metade, volvíase cara a min e dicíame: *Sr. Director, ¿y si hiciésemos un alto para echar el pitillito?* Grande fumador, agradecía moito. Nos días en que había actos así suspendíanse as clases ordinarias pola mañá. Pero os alumnos, que xa coñecían a habitual reacción do prelado, encargábanse de pedirlle que influíse en min, solicitando a suspensión tamén das clases da tarde. El cumpría con gusto a encomenda, non sen antes comentar o moito que agradecían os bispos cando, por parecidos procedementos, lograban que se suspendese, en Roma, algunha das sesións das comisións do Concilio Vaticano Segundo, celebrado había pouco.

Chocante lle resulta igualmente á xente, desde a perspectiva do que hoxe sucede, cando conto que naqueles anos, os directores de Instituto tiñamos que ir con certa frecuencia a Madrid, ao Ministerio de Educación, para despachar directamente co Director Xeral de Ensinanza Media sobre os problemas do noso Instituto. Non se crearan aínda as Delegacións Provinciais do Ministerio nin, por suposto, as da Xunta, e, polo tanto o noso interlocutor, sobre todo cando había unha especial necesidade ou

problema, era o Director Xeral. Con el, ou mellor dito, con ela, a profesora Ángeles Galino, lembro que tiven, por exemplo, que reunirme varias veces ata convencela de que o Instituto necesitaba un ximnasio, o cal de xa construído foi declarado de utilización conxunta para o Masculino e o Feminino. Nos sei se segue sendo así hoxe.

En fin, non quero estenderme e remato. O capítulo das anécdotas podería ser longo. Grazas, unha vez máis, por traerme a este reencontro con vós e co Instituto que levo tan dentro de min. Moitas grazas.